



Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, establece no seu artigo 57.4.b) que o orzamento das universidades contera no seu estado de

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo.
15781 Santiago de Compostela





ingresos os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, os prezos públicos e dereitos fixaraos a Comunidade Autónoma ou Administración correspondente, dentro dun marco xeral de contención ou redución progresiva dos prezos públicos.

Así mesmo, consignaranse as compensacións correspondentes aos importes derivados das exencións e reducións que legalmente se dispoñan en materia de prezos públicos e demais dereitos.

Para os restantes estudos, os prezos públicos fixaraos o consello social da respectiva universidade, segundo o disposto no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

A disposición adicional quinta da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, outorga aos referidos importes a consideración de prezos públicos. Pola súa parte, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de definir no seu artigo 43 o concepto de prezos públicos, dispón, no seu artigo 47, que estes deberán ser regulados por norma con rango de decreto.

2. Necesidade e oportunidade

A finalidade do proxecto de decreto é fixar os importes que deberá aboar o alumnado polos estudos universitarios conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional correspondentes ao curso 2025/26, tendo en conta o custo estimado dos servizos académicos, así como a diferenza entre o prezo da primeira matrícula fronte ao prezo da segunda e sucesivas matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de atenuar o esforzo do alumnado e das súas familias, o presente decreto mantén os mesmos prezos públicos do curso 2024/25 co fin de favorecer o acceso aos estudos universitarios e evitar posibles exclusións debidas a razóns económicas.

Así mesmo, contempla o sistema de bonificacións dos prezos públicos financiado pola Administración da Comunidade Autónoma, que fora introducido no curso 2024/25, incluíndo determinadas novidades que pretenden mellorar tanto o acceso





do estudantado de grao ao dito beneficio como a xestión por parte das universidades, mantendo en todo caso a finalidade para a cal foi concibido que non é outra que establecer unha medida social e económica de apoio ás familias, por razóns de interese público, que supón dar unha maior facilidade económica para a entrada na universidade e que contribúe á igualdade de oportunidades.

Esta medida ten como obxecto promover, en liña co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, o desenvolvemento social e económico sostible de Galicia, de forma que as persoas consideren Galicia como un lugar idóneo para vivir e establecerse, e desenvolver, en particular, o proxecto de estudos de grao que libremente escollan.

Estamos, en particular, ante unha medida social e económica de apoio ás familias, por razóns de interese público, que supón dar unha maior facilidade económica para a entrada na universidade e que contribúe á igualdade de oportunidades.

A medida consiste nunha bonificación do 99% do importe da matrícula, cos requisitos e condicións que se establecen neste decreto, e abranguerá tanto ao alumnado de continuidade como de novo ingreso que se matricule, a lo menos, de 60 créditos. No caso do alumnado de continuidade, para acceder á bonificación, entre outros requisitos, esíxese que teña cursado estudos de grao correspondentes ao curso 2024/25 nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Secretaría Xeral de Universidades. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de 3 de abril de 2025, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.





- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 9 de abril de 2025.

Non se incorporou nesta fase o certificado de consulta pública previa que esixe o artigo 41.2 dado que se trata dunha norma organizativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma que non ten impacto significativo na actividade económica e non impón obrigas relevantes aos destinatarios.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o 14 de abril de 2025, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe de impacto de xénero —emitido o 2 de maio de 2025—, e á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico —emitido o 26 de maio de 2025—.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse á Consellería de Política Social unha análise do impacto demográfico do proxecto e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica emitiu informe con data 16 de abril de 2025.

Conforme ao disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, consta no expediente o certificado emitido o 22 de maio de 2025 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública en relación ao disposto no artigo 9 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto.

Figura tamén no expediente o certificado emitido o 13 de xuño de 2025 pola secretaria do Consello Galego de Universidades, co visto e prace do presidente, no que reflicte que o citado órgano, en reunión celebrada o día 12 de xuño de 2025, acordou informar favorablemente, por unanimidade dos membros, o proxecto de decreto.

Consta tamén un informe da Secretaría Xeral de Universidades, do 22 de maio de 2025, sobre a incorporación ao texto das suxestións efectuadas polos distintos órganos que formularon observacións ao proxecto.





A Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Universidades emitiu o seu informe o 18 de xuño de 2025.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

